

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 21 DE DECEMBRO DE 2007

LICENZAS

FAVORABLES.-

2163/07.- Manuel Rodríguez Queijo.- Rehabilitación edificación na Ruela de Conxo de Arriba núm.2.-

1797/07.- Felipe Barcia Liñares.- Reconstrucción viv. unif. sita en Casas Novas núm.6.-

1196/06.- Estudio 5 de Gestión y Proyectos, repr D. Manuel Hermo Patiño.- Adición de 3º soto ó edificio que se proxecta no quinteiro 5 do SUP-6 de Sta Marta.-

CAMBIO DE TITULARIDADE.-

1419/07.- A prol da Comunidade Autónoma de Galicia da licenza concedida é Entidade Salmantina XXI, de reforma de edificio sito na R/ Pastoriza núm.8, Rúa do Carballo e Rúa Touro.-

ACEPTACIÓN DE COMPROMISO DE RENUNCIA Á INDEMNIZACIÓN.-

1593/06.- Santiago Guldrís Cao.- Peche de carácter provisorio na Rúa dos Caraveis, Vidán.-

DEVOLUCIÓNS FIANZAS.-

2306/07.- Malga, S.L.-Expte...1684/00.....(6.250.000 ptas).....37.563,26 €.-

2121/07.- Union Fenosa Redes de Telecomunicación, S.L....Expte...725/05.....400 €.-

2308/07.- Malga, S.L.-Expte...2537/05.....7.000 €.-

2632/07.- Estrella Garabal Piñeiro.-.....Expte....3061/04.....2.400 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

FAVORABLES.-

LIC/2256/2007.- IVAN GUTIERREZ DE TERA CASTAÑO, IVAN S.L.- Demolición de Edificio na Rúa Pexigo de Abaixo, nº 18.-

LIC/ 1457/2006.- CONTRUCCIONS OTERO POMBO.- Acondicionamento e Mellora do Solo na Rúa Ponte Pedriña de Arriba.-

LIC/1856/2006.- CONSTRUCCIONS OTERO POMBO.- Construción e Rehabilitación de 26 locias profesionais na Rúa Ponte Pedriña de arriba.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS.-

LIC/2592/2007.- MARITER RODRÍGUEZ SANDE.- Devolución de Fianza de 1.500.- € por posible danos en pavimento na Rúa Xelmirez nº 30.-

LIC/2586/2007.- PILAR ISABEL CEPEDA IGLESIAS.- Devolución de Fianza de 1.500 €.- por posibles danos en pavimento na Rúa San Paio de Antealtares nº 6.-

4.- Aprobación de presuposto e adjudicación da Ampliación de instalacións de iluminación desde a Urbanización do Avío ata Vite de Arriba.

Apróbase o orzamento elaborado polo enxeñeiro técnico municipal, así como a adjudicación de referencia á empresa DAVIÑA, SL, por importe de 12.0004 euros.

5.- Proposta da concelleira delegada de Mobilidade relativa a solicitude ao IDAE de luminarias Led.

Acórdase solicitar ao Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDEA) 3.050 unidades de luminarias Led, participando e asumindo éste as obrigacións e compromisos en

relación á instalación e uso dos equipos que se entreguen. O Concello aporta a cantidade de 53.070 euros.

6.- Corrección de erros detectados no punto nº 144 da sesión da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2007.

Corríxese o devandito erro.

7.- Propostas do concelleiro delegado de Mercados relativas a traspaso de casetas do Mercado de Abastos.

Autorízase o traspaso dunha caseta no Mercado de Abastos.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa a permuta de caseta do Mercado de Abastos.

Autorízase o traspaso dunha caseta no Mercado de Abastos.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Xuventude e Festas relativa á aprobación do orzamento para a programación fin de ano 2007, cabalgata de Reis e iluminación.

Apróbase un orzamento de 63.740 euros para a Cabalgata de Reis, 15.708 para a Festa de Fin de Ano, e un convenio de iluminación con ACOTÉS por importe de 9.000 euros.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Turismo relativa á modificación das partidas orzamentarias do convenio "Urbus Heritage For Qu Fu" para o ano 2007.

Apróbanse as modificacións das partidas de gasto para o ano 2007 do devandito proxecto, que non afectan á consignación total para o convenio asinado que era de 8.711 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do convenio entre o Concello e o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, para a prestación do centro de información ás Mulleres e Promoción da Igualdade.

Apróbase a sinatura do convenio polo que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller aporta a cantidade de 30.000 euros para o financiamento dos gastos correntes e de persoal do Centro de Información ás Mulleres do Concello da Santiago.

13.- Xustificación de gastos de convenios de colaboración asinados entre o Concello e diversas entidades.

Apróbase a xustificación de gastos dos seguintes convenios de colaboración coa correspondente achega municipal:

- Acotés para iluminación de Nadal e Reis: 12.000 euros.
- Fundación Secretariado Xitano (programa Acceder): 20.000 euros.
- USC-Voluntariado Social: 3.000 euros.
- Centro Cultural Social Xoán XXIII: 11.220 euros.
- Asociación Galega para a Axuda dos Enfermos con Demencia Tipo Alzheimer (Agadea): 3.606 euros.
- Asociación Compostelán de Escleros Múltiple (Acem): 3.000 euros.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Transportes relativa á presentación de alegacións ante o Servizo Provincial de Transportes en relación coa solicitude dunha empresa para a unificación de concesións.

Acórdase presentar alegacións á solicitude da empresa "Hermanos Ferrín" no senso de informar desfavorablemente o proxecto de unificación concesional.

15.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á modificación dos datos que figuran no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia.

Acórdase solicitar á Xunta a modificación dos datos que figuran no devandito rexistro co fin de axilizar trámites, xa que os escritos destinados a Educación chegaban a Benestar Social.

16.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á solicitude de cesión ao Concello de Santiago dun tramo de vía férrea en desuso para a súa transformación en "Vía Verde".

Solicítase da Delegación de Patrimonio e Urbanismo de Asturias e Galicia de ADIF, a cesión ao Concello do tramo de vía comprendido entre os puntos quilométricos 384/600 e 397/400 para transformalo, coa colaboración doutras administracións en Vía Verde. A transformación deste tramo tería unha gran trascendencia e repercusión na medida en que enlazaría, por unha ruta alternativa, Santiago con varios núcleos rurais do propio Concello (A Sionlla, Berdía, Busto), coa posibilidade de prolongarse a outros municipios da contorna como Oroso e Ordes.

17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao perfeccionamento da venda á inmobiliaria PEPE NOYA, SL, da participación municipal (30'261%) na parcela de resultado número 2, bloque oeste do proxecto de compensación da unidade de xestión número 15 (UX-15) de Picaños.

Considérase válida a aceptación da Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos SL, da oferta formulada polo Concello de Santiago para a compra polo prezo de 291.416 euros e enténdese por tanto perfeccionada a venda.

18.- Dar conta á Xunta de Goberno Local da autorización da Secretaría Xeral da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para o inicio de Actividades no Servizo complementario diurno da Escola Infantil Municipal de Conxo.

Dáse conta da devandita autorización para as seguintes actividades:

- obradoiros polas tardes: de luns a venres durante o curso escolar e que teñen como destinatarios os nenos e nenas do 2º ciclo de Educación Infantil (3 a 6 anos). Durante os periodos vacacionais realizáranse en horario de mañá. Horario: 16.00 a 20.00 horas.
- obradoiros de verán: de luns a venres para nenos e nenas de 2º ciclo de Educación Infantil (3 a 6 anos). Realizaranse nos meses de xullo e agosto en horario de 10.00 a 14.00 horas.
- obradoiros dos sábados: en horario de mañá para o alumnado con praza na Escola e maiores dun ano de idade. Horario: 10.00 a 13.00 horas.

19.- Proposta dos concelleiros delegados de Deportes, Educación e Normalización Lingüística e de Relacións Veciñais, para a adxudicación da contratación do servizo de desenvolvemento do programa Nadalxogo.

Adxudícase a licitación de referencia a María del Carmen García Vicente por importe de 48.000 euros.